

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**9845** *Real decreto 790/2015, do 4 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, referido á frota atuneira que opera en caladoiros de longa distancia, rexistrada no censo da frota pesqueira operativa como cerco conxelador.*

A Lei 3/2001, de pesca marítima do Estado, no seu título II establece a normativa básica de ordenación do sector pesqueiro, cuxo desenvolvemento se abordou no Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo de Pesca.

O Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, foi modificado polo Real decreto 1586/2012, do 24 de novembro, para flexibilizar as condicións de achega de baixas para a construción de novos buques, a modernización dos existentes e a regularización das embarcacións que variasen o seu arqueo e potencia, cun prazo de dous anos e que, pola complexidade dos trámites, se ampliou un ano máis coa reforma efectuada mediante o Real decreto 952/2014, do 14 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro.

As especiais características que inciden na frota atuneira que opera en caladoiros de longa distancia na modalidade de cerco conxelador aconsellan acometer unha regulación específica en canto ás condicións exixibles para a construción de novas unidades pesqueiras, a modernización das existentes, así como para a importación de buques abandeirados en terceiros países. Esta frota mostra unha rendibilidade económica positiva a longo prazo, mentres que os seus indicadores, tal como se reflicte no informe anual sobre equilibrio entre a capacidade pesqueira e as posibilidades de pesca, avaliados conforme o artigo 22 do Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1954/2003 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello, e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2371/2002 e (CE) n.º 639/2004 do Consello, e a Decisión 2004/585/CE do Consello, sinalan que a dita frota se encontra nunha situación de equilibrio. Igualmente, na actualidade conséntase a existencia de posibilidades de pesca nos caladoiros onde opera a frota que permiten a incorporación de novas unidades á pesqueira.

Atendendo ás ditas circunstancias, avaliouse a conveniencia de actualizar os requisitos especiais que concorren e que se refiren a aqueles buques que pasaron da lista terceira á cuarta do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e que, ao seren buques auxiliares con características de apoio aos buques cerqueiros, se habilitan para que poidan ser utilizados como baixas para novas construcións e modernizacións. A condición necesaria é que estes buques auxiliares continúen exercendo unha actividade auxiliar de pesca vinculada a un buque principal. Amplíase, así mesmo, o concepto da orixe das baixas, que poden pertencer a calquera censo ou caladoiro, e débese achegar, ao menos, unha unidade completa, e propiciar que se poidan completar con outras baixas.

O real decreto atende, igualmente, a necesidade de impulsar a construción de novos buques pesqueiros nos estaleiros da Unión Europea, cunha dobre motivación. Por un lado, faise fronte á situación económica derivada da crise económica e da falta de financiamento crediticio e establécense incentivos para que a construción de buques se leve a cabo nos estaleiros da Unión Europea. Por outra parte, preténdese incentivar que os buques que se vaian construír se abandeiren baixo pavillón español, considerando as maiores garantías que ofrece esta situación en relación co

cumprimento dos estándares de sustentabilidade que imperan na Unión Europea. Por último, amplíase o ámbito de achega de baixas nos procesos de regularización para que poidan ser de calquera censo ou modalidade.

Na elaboración deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e o sector pesqueiro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de setembro de 2015,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca.*

O Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, queda modificado como segue:

Un. Introdúcese un novo parágrafo no artigo 3.a), nos seguintes termos:

«Excepcionalmente, para a construción de buques atuneiros que operan en caladoiros de longa distancia rexistrados no Censo da frota pesqueira operativa como cerco conxelador, poderanse achegar baixas de buques que cumpran as seguintes condicións:

1.º Que sexan buques matriculados na cuarta lista do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, en situación de alta no Censo da frota pesqueira operativa e que exerzan como auxiliares de buques atuneiros da modalidade de cerco conxelador que opere en caladoiros de longa distancia.

2.º Que previamente á súa matriculación na cuarta lista estivesen inscritos na terceira lista e exercesen unha actividade pesqueira de, ao menos, 90 días durante os dous anos anteriores á súa matriculación na cuarta lista, ou desenvolvesen a actividade de buque auxiliar de cerco conxelador cando estiveron rexistrados na lista terceira.

3.º Que presenten unha solicitude dirixida ao director xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para a autorización da incorporación do buque auxiliar a un expediente de construción ou importación dun buque atuneiro, da modalidade de cerco conxelador, que vaia operar en caladoiros de longa distancia.

Para aqueles buques rexistrados na terceira lista e que exerzan como buques auxiliares de cerco conxelador, a presentación da solicitude deberase efectuar nun prazo máximo de 6 meses a partir da entrada en vigor deste réxime.

Os buques que se vaian rexistrar na cuarta lista e que actúen como auxiliares de cerco conxelador deberán presentar a solicitude antes de causar baixa na terceira lista. Non obstante, aqueles buques que estivesen rexistrados na cuarta lista con anterioridade á publicación deste real decreto disporán dun prazo máximo de 6 meses para a presentación da solicitude, a partir da súa entrada en vigor.»

Dous. Introdúcese un novo parágrafo no artigo 3.b), nos seguintes termos:

«Excepcionalmente, para a construción, en estaleiros da Unión Europea, de buques atuneiros das modalidades de cerco conxelador que operen en caladoiros de longa distancia, a entrada de nova capacidade, tanto en arqueo bruto (GT) como en potencia (kW), estará compensada pola anterior retirada sen axuda pública de, como mínimo, un 65 % da dita capacidade.

A diferenza entre a nova capacidade entrante e a capacidade retirada computarase con cargo ás marxes dos límites máximos de capacidade pesqueira establecidos para España no anexo II do Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común.

Este réxime excepcional finalizará o 31 de decembro de 2017 ou, en calquera caso, cando se achegasen 10.000 GT e 15.000 kW da marxe correspondente ao límite máximo de capacidade pesqueira, e será aplicable aos buques que iniciasen a súa construción e non a finalizasen na data do 1 de xaneiro de 2015 ou aos que a inicien a partir da entrada en vigor do presente réxime.

As solicitudes recibidas avaliaranse semestralmente. No caso de haber solicitudes por cantidades superiores a 10.000 GT ou 15.000 kW, a capacidade solicitada ratearase entre todas as solicitudes recibidas.»

Tres. Introdúcese un novo parágrafo no artigo 3.c), nos seguintes termos:

«Como excepción, a frota de cerco conxelador que opera en caladoiros de longa distancia deberá achegar, ao menos, unha unidade completa, e poderá achegar o resto da capacidade por unidades completas ou fraccións de unidades.»

Catro. Introdúcese un novo parágrafo no artigo 4, nos seguintes termos:

«Excepcionalmente, para a frota atuneira de cerco conxelador que opera en augas extracomunitarias, as baixas poderán pertencer a buques pesqueiros de calquera censo e modalidade e ao menos exista algunha achega da mesma modalidade.»

Cinco. Introdúcese un novo número 4 no artigo 10, nos seguintes termos:

«Para a importación de buques pesqueiros, será de aplicación o establecido no segundo parágrafo da letra a) do artigo 3, no segundo parágrafo da letra b) do artigo 3 e no segundo parágrafo do artigo 4 deste real decreto.»

Seis. Introdúcese un novo parágrafo no artigo 19, nos seguintes termos:

«Para as obras de modernización, será de aplicación o establecido no segundo parágrafo da letra a) do artigo 3, no segundo parágrafo da letra b) do artigo 3 e no segundo parágrafo do artigo 4 deste real decreto.»

Sete. Introdúcese un novo parágrafo no artigo 55.c), nos seguintes termos:

«As adecuacións das características dos buques da lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, referidas á súa tonelaxe bruta ou potencia, que se iniciasen con posterioridade ao 1 de outubro de 2014 ou que se inicien a partir da entrada en vigor do presente real decreto, por instancia do armador ou propietario do buque, poderanse levar a cabo achegando baixas de buques pesqueiros pertencentes a calquera censo ou modalidade.»

#### **Disposición adicional única. Achega de capacidade.**

A aplicación deste réxime especial queda suxeita ao cumprimento dos requisitos de rendibilidade económica positiva a longo prazo e dos indicadores obtidos do informe sobre equilibrio entre a capacidade pesqueira e as posibilidades de pesca desta frota, avaliados conforme o artigo 22 do Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de setembro de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
ISABEL GARCÍA TEJERINA